

## Notas léxicas galegas (I)

### 1. ACORAR

No dicionario da R.A.E., 1984, figura a voz *acorar* co significado de “afligir, acongojar”, así como o do rexionalismo murciano de “rematar, descabellar, atronar” e a forma pronominal que ten a significación de “enfermar, desmedrarse las plantas por algún accidente atmosférico”.

Corominas (D.C.E.C.H., 1980 e ss., s.v. *corazón*) di que a voz castelá *acorar* procede probablemente do catalán *acorar*. Dado que este verbo é moi corrente en galego e inexistente en portugués cabería pensar se é un catalanismo (entrado a través do castelán) tamén na lingua galega.

Vexamos en primeiro termo a significación que ten *acorar* en galego. Xa Fr. Juan Sobreira (*Papeletas de un diccionario gallego*, ed. de J.L. Pensado, 1979, pp. 66-67) recollía esta voz como propia de Santiago no sentido de “causar el calor ahogamiento o sufocación o falta de respiración”, e como voz reflexiva “sufocarse, ahogarse de calor”. Tamén dá como propio de Ribadavia a significación de “quedarse varado y suspenso, sin acción, movimiento o palabra” e engade a expresión “*acorar* el cerdo. Parárasele la sangre cuando están matándolo”.

A voz está hoxe bastante espallada por Galicia (Cfr. C. García, *Glosario de voces galegas de hoxe*, 1985, p. 28, onde se recollen variantes como *acorexar*, *ancorar*, *encorar*, *escorexar*) coa significación de ‘respirar con dificultade’, ‘quedar sen alento’ ou ‘sofocar’. Coido que o dicionario da R.A.G. (1913 e ss., p. 46) dá a mellor definición desta voz: “faltar la respiración; respirar con angustia y dificultad bien por exceso de trabajo, cansancio, calor, etc. o debido a una fuerte impresión” e dá un par de exemplos dos poetas José Benito Amado e Leiras Pulpeiro ós que podemos engadir estes dous de Rosalía de Castro (*Follas Novas*, 1880, pp. 84 e 129):

Amigas n'hay que a consolen,  
músicas n'hai que a entreteñan,  
e á vista do sol acora,  
e á vista das frores tembra...

.....

De pronto oín un cantar,  
cantar que me conmoveu  
hastra facerme acorar.

Tamén Castelao emprega *acorar*:

Non se acore, home, e sume pola dereita —díxolle o catador de viño tinto  
(*Os dous de sempre*, 1934, p. 114)

e a variante *encorar*:

tiña medo a morrer encorado co fume do tabaco... Pedriño encoraba e as verbas saíanlle rompidas, molladas co planto... O estrondo chamou polos veciños, que se detiveron encorados de anguria

(*Op. cit.*, pp. 33, 42, e 271)

Posto que en galego medieval tivo existencia a voz *cor* ‘corazón’, como comprobamos nas *Cantigas de Santa María* (Cfr. a edición de Mettmann, 1981, II, p. 502) e que esta voz tiña un sentido máis amplo como vemos pola palabra aínda viva en moitos lugares de Galicia, *coradas* ‘pulmóns’ (Cfr. C. García, *op. cit.*, p. 222), podemos saca-la conclusión que o verbo *acorar* (ou *encorar*) é unha forma creada pola lingua galega de xeito espontáneo, á maneira que se crearon noutras linguas romances outros derivados da voz latina *cor*.

De *acorar* nace o substantivo *acoro*, que aparte de te-lo valor de sofoco, que aparece nos dicionarios, significa pesadelo e fatiga (Cfr. C. García, *op. cit.*, p. 28).

## 2. CARIÑO

A voz *cariño* ten en castelán a acepción de “regalo, obsequio” como propia de Chile e Nicaragua, segundo di o citado dicionario da R.A.E.; Corominas, *op. cit.*, s.v. *cariño*, rexistra este uso en Calderón, pero non temos constancia da súa existencia noutras partes ou noutros escritores.

*Cariño* posúe tamén en galego esta significación. Resulta moi corrente na fala viva escoitar frases coma esta: *veño da vila e tráioche cariños do teu irmán*. Rosalía de Castro, nunha poesía da obra *Follas Novas*, xa citada, p. 31, di

Fixen mamoria d’os meus sacretos,  
para mi madre deixei cariños,  
par’os meus fillos miles de beixos...

En ámbolos dous casos poderíamos interpretar *cariños* como 'recordos ou lembranzas', pero tamén como 'regalos ou obsequios'.

O citado dicionario da R.A.G. (s.v. *cariño*) recolle a acepción de "obsequio, atención, regalo" que testemuña coa seguinte copra popular:

Heiche de dar un cariño,  
un cariño acariñado,  
heiche de dar un cariño,  
que che ha de durar un ano.

Se ben os dicionarios galegos non soen traer esta acepción da voz *cariño* (agás o de Eladio Rodríguez, Vigo, 1958, que di "cariño, afecto, voluntad, amor // obsequio, atención, regalo, mimo") teño que dicir que nas miñas excursións dialectais escoitei frases como esta: *veño da festa e tráioche estes cariños*. Os *cariños* son roscas, doces, avelás, etc. Alomenos está viva esta acepción nas comarcas de Compostela, Padrón, a Ulla e mesmo de Lalín. Polo norte da provincia da Coruña chámanse *cariños* os regalos que se fan os noivos, e nos arredores de Ourense chaman tamén *cariños* ós regalos que se levan ás mulleres recén paridas.

En fin, coido que a voz *cariño* na acepción de 'obsequio' debe de estar moi espallada por toda Galicia e non debeu ser recollida polos dicionaristas e dialectólogos porque tal vez creron que a acepción normal de *cariño* en castelán abarcaba tamén esta significación.

### 3. CHARAMELAS

Corominas (*op. cit.*, s.v. *chamizo*) di nunha nota: "Claro es que el gall. *charamela* viene de *chamarela* por metátesis. El gall. *charetas* 'hojas que caen del pino' se aleja semánticamente y no tendrá que ver con todo esto". Esta nota fai referencia á teoría de García de Diego (D.E.E.H., 2084) que parte da orixe destas verbas dunha base onomatopeica *char*, referida ó lume ou á chama.

As *charamelas* son as chispas que saltan do lume e mesmo as cinsas que quedan tras de ser apagado un lume son chamadas así. Hai bastantes testemuñas de que *charamelas* son tamén as follas secas do piñeiro. Que esta acepción vén da imaxe das chispas parece clara, como tamén o é a acepción non recollida nos dicionarios de felepa de neve, de onde sae o verbo *charamelar* como sinónimo de felepar. En Novefontes (Cfr. C. García, *op. cit.*, p. 254) chámase *charamelo* á persoa que non ten formalidade, evidentemente porque se parece a unha *charamela* que vai dun sitio para outro. Hei de dicir ademais que esta voz soamente está espallada na metade norte de Galicia.

A variante *charamusca* ten, como comprobamos en consultas do *Tesouro Lexicográfico do Instituto da Lingua Galega*, os mesmos significados que *charamela*, menos o de folla do piñeiro, e mesmo existe un verbo *charamuscar* coa variante *charamusquear*.

Sen dúbida podemos pensar que ámbalas formas teñen orixe na verba latina *f l a m m a*, que evoluciona en *chama* na lingua galega e de acordo con Corominas deberíamos partir duns derivados *\*chamarela* e *\*chamarusca*, que por metátesis pasarían a *charamela* e a *charamusca*.

Sen embargo, dá bastante que pensa-la existencia de toda esta serie de variantes: *charamena*, *charamona*, *charamuña*, *charamuza*, *charamúa*, *charamuga* que están testemuñadas en C. García (*op. cit.*) as catro primeiras, e en A. Otero (*Voc. de S. Jorge de Piquín*, Anexo 8 de *Verba*, 1977, p. 72) a quinta, e no *Tesouro do Instituto da Lingua* a sexta. E sobre todo debemos ter en conta que a voz *chareta*, rexistrada por nós, por A. Otero e por bastantes dicionarios galegos ten só a significación de chispas ou charamelas e non de 'hojas que caen del pino' que rexistra García de Diego. No último traballo que coñecemos sobre "Denominaciones de la hoja del pino" publicado en *Verba* 7, 1980, pp. 51-74 por M. Brea, non aparece esta verba.

Por tanto, *chareta* é da mesma familia que *charamela*. E mesmo temos rexistrado no noso traballo citado a existencia de *chareteira* como 'dintel del horno'.

Despois de todo o indicado cremos que na base de *chamarela* pode esta-la forma latina *f l a m m a*, pero en cruce con esa onomatopeia *char* proposta por García de Diego e rexeitada por Corominas ou con outras palabras galegas como *charrizo* 'feluxe' ou *charrusco* 'torresmo'.

#### 4. ENFOUZAR, ENZOUFAR

O verbo *fozar*, procedente do latín vulgar *\*f o d i a r e*, parece que é a base probable, segundo Corominas (*op. cit.*, s.v. *hozar*), da voz *enfouzar*. Foneticamente habería que buscar unha explicación á substitución da vocal *o* polo ditongo *ou* que soamente sería posible xustificar mediante cruce con algunha outra palabra, pero ¿con cal? Coido que podería influí-la voz *fouce*. Se *fozar* significa 'move-la terra, andar na terra', cremos que *enfouzar* sería primeiro 'remexer na terra' e despois 'manchar' e, a pesar de que non existe un verbo *\*fouzar*, non é difícil pensar que haxa un cruce con *fouce*. Tamén se pode pensar na voz *fuciño*, sobre todo can-

do pensamos que unha das acepcións máis correntes de *enfouzarse* é a de 'ensuxa-la cara con tisne', que é como está definida esta voz xa no Dicionario de Valladares (1884) e que así a entenden os falantes de hoxe.

A voz *enfouzar* ten aínda outra dificultade: a súa variante *enfouzar*, que recollen os dicionarios galegos desde Valladares (que trae exemplos como *enfouxa-la auga, enfouxa-los millores días da vida*) ata os máis modernos, se ben non a atopamos recollida no noso citado *Glosario*. Tampouco encontramos explicación plausible para este cambio de *enfouzar* en *enfouzar*.

Desde logo a voz *enfouzar* está testemuñada por Rosalía de Castro no sentido de manchar ou luxar:

Que de tan alto baixando  
vos emporcases na lousa.  
Nin que chamándovos nobre  
tanta nobreza enfouzaras.

(*Cantares Gallegos*, 2ª ed., 1972, p. 122)

Vay enfouzando n'a lama  
o zapatiño de seda...

(*Follas Novas*, 1980, p. 106)

e como diciamos arriba é voz corrente en moitos lugares de Galicia. Pero resulta que a súa variante *enzoufar* o é moito máis e tamén bastante usada por escritores como, por exemplo, Castelao:

Primeiro fártase de zucre, dispois emborca o tinteiro, e o zucre que non pode comer queda enzoufado de tinta... para enfouzarse nas regalías do almorzo...

(*Os dous de sempre*, 1934, pp. 126 e 212)

*Enzoufar* pode, xa que logo, se-lo resultado dunha metátese das consoantes *f...z* por *z...f*. Pero comezo a dubidar bastante da verdadeira etimoloxía de toda esta familia de voces cando penso noutra serie de palabras recollidas por Aníbal Otero (*op. cit.* e *Contribución al Dicionario Gallego*, Vigo, 1967) nas que recolle palabras como *enzafallarse, enzafañarse, enzafolarse*, que significan mancharse a cara coa comida. Todas estas verbas están formadas sobre *zafallar* e *zafañar*, que teñen o mesmo significado que os seus derivados e que á súa vez están formadas a partir do verbo *zafar* (que ten as variantes *zafear* e *safar*).

*Safar* está xa recollida no dicionario de Cuveiro (1876) coa significación de "ensuciar, especialmente la cara; *safouno*, lo ensució".

Eu non coñezo ningunhas outras etimoloxías destes verbos que as de Aníbal Otero que pensa que esta familia de voces están ben en relación con *sucidus* ou ben con *zafio*. Coido que, dado o seu significado

é o de ‘mancharse a cara’, cabe pensar na relación destas voces con *face*, da que xurdiría un verbo *fazar* que se transformou por metátese en *zafar*.

En resumo, creo que é difícil saber se hai que partir de *fozar*, de *face* ou doutra base para explicar toda esta serie de voces que significan mancha-la cara ou simplemente mancharse.

## 5. EIDOS E ENXIDOS

Estamos afeitos a atopar nos textos medievais as palabras *aditos et exitos*, que acompañan ás vilas, igrexas, fincas etc. nos documentos de vendas e compras. Acostúmase traducir esa expresión por ‘entradas e saídas’ de acordo coa súa etimoloxía.

Ambalas dúas palabras chegaron ata o día de hoxe ó galego e ó portugués, como *eido* e *enixido* ou *eixido*. En portugués *eido*, segundo Morais, *Novo dicionário compacto*, 10ª ed., significa “recinto para animais, anexo ás casas aldeãs; patio; quinteiro, quintal”, pero en galego ten un sentido máis amplo que recolle o primeiro dicionario galego, o de F.J. Rodríguez (1864) como “terreno cerrado y cercano a la casa de su dueño, siempre y cuando se exprese o nombre este dueño al mismo tiempo”. Coido que a definición de Eladio Rodríguez (1958 e ss.): “predio, heredad, tierra labrantía que está próxima a la casa en que se vive” coincide coa que nós facemos no noso *Glosario de voces galegas de hoxe* (1985) como “finca pequena próxima a la casa” e rexistrámola en varios puntos da provincia de Ourense e do Sur das provincias de Lugo e Pontevedra.

*Eido* é pois palabra galega de hoxe no Sur de Galicia como voz normal e concreta para indicar calquera propiedade que está próxima á casa onde viven os seus donos. Pero o seu plural, *eidos*, adquiriu no seu uso literario o valor amplo de terras, prados, campos que pertencen a alguén: *os meus eidos*, e nun sentido máis figurado é corrente falar dos *eidos patrios* cunha grande carga de afectividade. Como proba deste uso véxanse estes exemplos tomados de Castelao:

Naquela soedade plantara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos... (*Retrincos*, 1934, p. 13)

E non podendo vivir máis tempo sen visita-los eidos nativos meteuse nun barco e chegou á Terra (*Cousas*, 1934, p. 44)

O descendente do *exitum* documentado na Idade media é en portugués *eixido*, que Morais (*op. cit.*) considera como voz antiga e sinónima

de *eido*. Isto quere dicir que os dous termos latinos en portugués chegaron a te-la mesma significación de terreo ou recinto que rodea á casa de aldea. Sen embargo, a variante dialectal, *enxido*, está recollida no citado diccionario de Morais como “pequeno vinhedo ou pomar”; o cal fai que esta forma tome un valor algo semellante á do galego *eido*.

En galego o descendente normal de *exitum* é *enxido*, se ben existe a variante *eixido*, que os dicionarios reenvían á entrada de *enxido*. No primeiro diccionario da lingua galega, o de F.J. Rodríguez (1864), ten unha definición bastante cercana á realidade actual: “exido o ejido, terreno cerrado y arrimado a la casa o a otro que ya lo está”. Seguen a mesma definición os dicionarios de Cuveiro (1876) e Valladares (1884), pero o de Carré (4ª ed., 1972) como o de Eladio Rodríguez (1958 e ss.) introducen, tal vez movidos pola correspondencia fonética *enxido* - *ejido*, a significación castelá de *ejido*: “campo sin cultivar y de uso común” (Carré) ou “campo o terreno común en que los vecinos suelen juntarse para tomar solaz y recreación”, acepción que descoñece a lingua galega. Con todo, ámbolos dous dicionarios dan a acepción verdadeira de *enxido*: “pequeno huerto al pie de la casa” (Carré) o “terreno cerrado y de poca extensión que está contiguo a la vivienda, de la cual suele forma parte. Se dedica a usos de utilidad y recreo, como huerta o jardín” (Eladio Rodríguez). Nas nosas enquisas dialectais escoitamos moitas veces esa verba con esa acepción fundamental que dá o diccionario de Eladio Rodríguez e, sobre todo, coa de terreo que está diante ou detrás da casa.

Dous dos grandes escritores galegos empregan ás veces esta palabra. Castelao, en *Os dous de sempre*, 1934, p. 197 describe esta escena:

Era vran e o alboroque celebrouse no enxido da taberna, debaixo dunha parra cangadiña de acios maduros.

E para Rosalía de Castro esta voz estaba cargada de moita afectividade, como se ve polos seguintes versos:

Dempois da frugal cea, ó cariñoso  
resplendor do luar claro e soave  
iban gozar ó enxido de reposo  
co abó, qu'a longa historia contar sabe

(*Cantares Gallegos*, 1872, p. 134)

Inda vex'onde xogaba  
cas meniñas qu'eu quería,  
o enxidiño onde folgaba,  
os rosales que coidaba...

(*Ibid.*, p. 198)

En fin, dos *aditos et exitos* medievais queda hoxe en castelán a voz *ejido* como 'campo común de tódolos veciños dun lugar', e en portugués *eido* como 'recinto ou patio das casas aldeás'. En galego mantivéronse as dúas palabras con contidos semánticos parecidos, pero ben separados: o *enxido* é o terreo (xardín, horta, patín, etc.) que rodea á casa e o *eido* é o prado ou terreo cultivable próximo á casa dos seus donos. E a forma plural desta última fixo fortuna literaria no sentido amplo de campos, ou terras.

## 6. FERRO

O adxectivo latino *f e r u s* deixou descendentes en case toda a Romanía coa mesma significación que tiña na lingua latina.

Na lingua galega *fero*, á parte de te-los valores comúns coas outras linguas romances de feroz, bravo, violento, cruel, agreste, forte, áspero, etc., adquiriu un sentido especial do que carecen mesmo as outras linguas peninsulares. Vexamos estes versos de Rosalía:

Con un estraño bater  
doce, com'o ben amor,  
fero, com'o padecer

(*Follas Novas*, p. 129)

onde atopámo-la oposición *doce* vs. *fero*. *Fero* ten a significación de 'amargo'. Véxanse máis exemplos:

¿Que fora ¡ou Dios! sin os asentos feros  
dos estómagos probes?

(*Ibid.*, p. 139)

Non follas novas, ramallo  
de toxos e silvas sós,  
hirtas, com'as miñas penas,  
feras, com'a miña dor

(*Ibid.*, p. 6)

E a mesma Rosalía emprega a voz *fero* como substantivo con significación de 'amargor'. Do citado libro de *Follas Novas*, p. 19 son os seguintes versos:

Ando buscando almibres que almiraren  
estos meus agres versos,  
Y eu non sei como, nin por onde, sempre  
se lles atopa un fero.

Pero con máis claridade aínda atopamos xuntos substantivo e adxectivo co valor de 'amargor' e 'amargo' nos seguintes versos:

Olvidar tomas amargas,  
 déchesmas vos, mi señora,  
 con desprezo envenenadas,  
 inda con fero mais fero  
 que pelica de laranxa

(*Cantares Gallegos*, p. 124)

O cambio semántico de *fero* 'áspero ou bravo' en 'amargo' resulta doado se pensamos que en galego *fero* (cfr. C. García, *op. cit.*, s.v. *fero*) ten tamén o valor de cheiro característico do animal de monte. Xa Sarmiento coñecía *farún*, común co portugués dialectal *farun* e co catalán *ferum* (Vid. Corominas, *op. cit.*, s.v. *fiero*) con esta significación de olor forte ou desagradable.

Coido que do valor olfativo que adquiriu *fero* en galego, portugués e catalán, puido pasa-la lingua galega ó valor saporífero mediante o fenómeno normal de sinestesia. Dunha expresión normal como *esta carne ten un cheiro fero* pasouse facilmente ó tipo de *esta carne ten un sabor fero*.

Os dicionarios recollen exemplos como *jeste viño ten un fero!* ... *os grelos están feros* para testemuña-la existencia desta acepción exclusivamente galega que ten a voz *fero* (substantivo 'amargor' e adxectivo 'amargo').

CONSTANTINO GARCIA  
 Universidade de Santiago